



Cpr "SAN JORGE"

15704 – Santiago

Telf./ Fax: 981-581398

Avda. de Coímbra, 24

colexiosanjorge@colexiosanjorge.com

www.colexiosanjorge.com

PLAN XERAL

2025-2026

COLEXIO SAN JORGE

ÍNDICE

1. O Centro e o seu entorno.....	4
2. Elementos persoais:.....	4
- Mestres.	
- Alumnos.	
- Persoal subalterno.	
3. Obxectivos xerais do Centro para este curso.....	5
4. Obxectivos específicos orientados a corrección das deficiencias detectadas.....	5
5. Actividades e temporalización.....	5
6. Relacións educativas:.....	6
- Información inicial do alumnado.	
- Atención aos alumnos.	
- Atención ao público.	
- Horario de titorías.	
- Quendas dos recreos.	
7. Órganos de goberno unipersoais.....	7
8. Órganos de goberno colexiados:	7
- Claustro.	
- Consello Escolar.	
9. Equipo de Normalización Lingüística:.....	8
- Proxecto Lingüístico de Centro.	
10. Coordinación docente- CCP.	10
11. Equipo de actividades complementarias e extraescolares.....	10
12. Sección Bilingüe.....	13
13. Programas de innovación educativa	13
14. Plan de Convivencia	14
-Relacións familia-escola.	

15. Actividades propostas pola AMPA	15
16. Plan de orientación e acción tutorial	15
17. Plan de atención á diversidade.....	15
18. Plan de Igualdade	16
19. Plan TICs.....	16
20. Plan Dixital.....	17
21. Plan de Biblioteca	18
22. Plan de Lectura, Escritura e Acceso a Información.....	18
23. Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables	20
24. Plan de autoprotección do Centro	21
25. Formación do profesorado.....	21
26. Libros de texto e materiais curriculares.....	21
27. Avaliación de Diagnóstico.....	22

ANEXOS:

LIBROS DE TEXTO

HORARIOS

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

1. O PLANO E O SEU ENTORNO

O noso colexio atópase emprazado en zona urbana, o seu enderezo é:

Avda. de Coimbra, 24 en Santiago de Compostela.

Está formado por tres unidades de Educación Infantil, seis de Educación Primaria e dúas de Educación Especial.

2. ELEMENTOS PERSOAIS

Mestres

A cadro de persoal do colexio está formada por 16 mestres.

Tres especialistas en Educación Infantil.

Sete mestres de Educación Primaria.

Dúas mestras pedagogas responsables das aulas de EE.

Unha mestra especialista en Audición e Linguaxe.

Un mestre de lingua estranxeira.

Un mestre de música.

Un mestre de E.F.

Duas persoas de persoal complementario de E.E.

Alumnos

O número de alumnos no curso 2025/2026 é de 182.

A súa agrupación realízase tendo en conta a idade cronolóxica.

Case na súa totalidade son castelán falantes, inda que nestes últimos anos aumentan os alumnos bilingües.

Persoal Subalterno

Unha persoa encargada da cociña.

Unha persoa encargada da administración.

Duas persoas encargadas da limpeza.

3. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO PARA ESTE CURSO

- 1- Colaborar na planificación de actividades en grupo, acepta-las normas que democráticamente se establezan, respectando puntos de vista distintos, e asumir as responsabilidades que correspondan.
- 2- Establecer relacións equilibradas e constructivas coas demais persoas, valorando críticamente as diferencias de tipo social, mostrando actitudes de solidariedade, respecto e tolerancia, rexeitando calquera discriminación.
- 3- Coñecer as características fundamentais do medio natural e social e as súas interaccións mutuas e contribuír á conservación e mellora do medio ambiente.
- 4- Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e obrar de acordo con eles.
- 5- Acadar tódolos alumnos as destrezas básicas necesarias para resolver situacións da vida cotiá.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS ORIENTADOS A CORRECCIÓN DAS DEFICIENCIAS DETECTADAS

- 1- Paliar os casos de fracaso escolar coa asistencia ás clases de apoio e orientación en hábitos e métodos de estudo.
- 2- Resolver problemas detectados no inicio da lecto-escritura co asesoramento do departamento de orientación e o apoio dentro ou fora da aula según fose necesario.

5. ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

A partir da concreción do PCC elaboráronse as programacións de aula adaptadas ás necesidades dos alumnos e ás condicións do seu entorno. No caso de nenos con dificultades elabóranse as Adaptacións Curriculares precisas.

Os horarios dos cursos inclúense nos *anexos*.

Ademais o centro conta con horario de madrugadores dende as 7:30h ata a hora de inicio do curso e con horario de merendas ata as 18:00h.

6. RELACIÓNS EDUCATIVAS

Información inicial do alumnado

No inicio deste curso pasáronse ós pais dos alumnos novos unha enquisa para recadar información dos nenos nos aspectos seguintes: médico, escolar, familiar e social. A maiores pasouse unha enquisa sobre a situación lingüística do neno e a súa familia.

Con toda esta información preténdese elaborar unha boa avaliación inicial do alumno.

Complétase todo isto cunha reunión entre os mestres do curso anterior e actual, así como cunha observación directa por parte do titor nos primeiros días de curso.

Todo este traballo estámolo a facer dende os tres anos para así realizar un bo seguimento do alumno durante toda a súa escolaridade.

Este curso coidarase mais se cabe, esa avaliación inicial, tendo en conta os informes de avaliación individualizada do curso anterior e a situación emocional dos alumnos.

Atención aos alumnos

A atención levarase a cabo polos titores e o departamento de orientación. O cal posúe unha hora semanal para a atención aos alumnos.

Luns de 15:30 a 16:30 h.

Atención as familias

O Centro permanecerá aberto ao público de 9:15h, -13:15h, coincidindo co calendario escolar, incluíndo xullo.

Horario de titorías

Neste curso as titorías realizaranse por vía telefónica ou videoconferencia, durante o horario escolar. No caso de que sexan de forma presencial, realizaranse previo acordó, os mércores en horario de 17:30h a 18:30h.

Quendas dos recreos

Os recreos distribuiranse en tres bloques:

RECREOS	
10:55h	3º, 4º, 5º e 6º EP
11:20h	1º e 2º EP
11:50h	4º, 5º e 6º EI

As **quendas** para cubrir as **vixilancias** dos recreos son as seguintes:

- Recreo das 10:55 h.: Sonia Sanmartín, Montserrat González, Antía Barcala, Cristina Vieites e Francisco Collantes.
- Recreo das 11:20 h.: Uxía Segade, Javier Domínguez e Concepción Fernández.
- Recreo das 11:50 h.: Mª Carmen Lorenzo, Laura Rey, Ana Iglesias, Marisol Platas e Fátima Fernández.

7. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

O equipo directivo está composto por:

Director: *Francisco Collantes Carollo.*

Xefa de estudos: *Gloria Posse Costas.*

Secretario: *Francisco Vázquez Bugarín.*

8. ÓRGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS

Claustro

Data	Acta	Aspectos a tratar
25-IX-2025	X	Aproba-lo Plan Xeral do Centro.
27-I-2026		Revisión do Plan Xeral.
29-VI-2026		Aprobación da Memoria.

Consello Escolar

Data	Acta	Aspectos a tratar
25-IX-2025	X	Aproba-lo Plan Xeral do Centro.
27-I-2026		Revisión do Plan Xeral.
29-VI-2026		Aprobación da Memoria.

9. EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Este equipo está formado polos seguintes membros:

Cursos	Mestres
Ed. Infantil	Marisol Platas
1º E.P.	Uxía Segade
2º E.P.	Javier Domínguez
4º E.P.	Antía Barcala
5º E.P.	Sonia Sanmartín
6º E.P.	Montserrat González
Director	Francisco Collantes
Orientación	Concepción Fernández
Coordinadora	<i>Ana V. Iglesias</i>

Reuniranse unha vez ao mes tras a sesión de claustro prevista.

Proxecto Lingüístico de Centro

O Equipo de Normalización Lingüística do centro reuniuse para elaborar o PLC para o presente curso, nel acorda propoñer novas estratexias normalizadoras para seguir potenciando e dinamizando o uso do galego no Centro.

O noso obxectivo prioritario é:

Fomentar a lingua oral e crear as condicións favorables para lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

Actividades dinamizadoras propostas son as seguintes:

- Asistencia as **Xuntanzas dos ENL** de Escolas Católicas.
- Continuar a actividade de prensa escolar, sendo este o XXIº ano que se publica un número anual da **revista Novas do San Jorge** . Todos os nenos colaborar na realización de artigos para a revista, tanto de forma individual como en grupo referidos a actos relevantes da vida escolar.
- Traballar no **taller de Prensa Escola** nos cursos de 5º e 6º co xornal “La Voz de Galicia”.
- Celebración do **día de Rosalía de Castro**, 23 de febreiro.
- **Roteiro das Letras Galegas** e ofrenda no Panteón de Galegos Ilustres.
- Realizar **visitas culturais** e didácticas que lles permitan coñecer a presenza da lingua na Galicia de hoxe.
- Organizar **encontros con persoas do mundo editorial**: editores, contacontos, ilustradores e escritores.
- Realización de dúas **obras de teatro en galego**, as cales presentaremos aos distintos concursos que se convoquen, entre eles o Certamen Intercentros de Santiago.
- Concurso Exposición de Carteis das Letras Galegas coa autora homenaxeada este ano: **Begoña Caamaño**.
- Participación no programa de actividades do **Museo do Pobo Galego**.
- Participación no **premio Frai Martín Sarmiento** de literatura infantil en galego os cursos de 1º e 2º ED. Primaria.
- Participación na **Festa da Língua**.
- Realizase un proxecto anual, no que participará todo o centro que se chamará **Luces, cámara e acción**. Este proxecto nacerá e partirá da nosa biblioteca escolar e tamén formará parte do noso Plan de Lectura, escritura e acceso a información.

As actividades que a mascota do centro “Monster” propondrá estarán adaptadas a todos os niveis e faranse chegar a todas as clases.

Integraremos tamén este proxecto co das TICs do Centro, pois utilizaranse medios telemáticos para levar a cabo ou difundir as actividades previstas.

10. COORDINACIÓN DOCENTE – C.C.P.

Está formada polo director, a xefa de estudos, os coordinadores dos equipos de ciclo, a coordinadora do equipo de normalización e as profesoras de NEE.

Velarán polo cumprimento dos obxectivos do PCC, e axudarán á concreción a nivel de programación de aula e de adaptacións curriculares. Reuniranse por videoconferencia ao inicio do curso e unha vez por trimestre.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA		
Mestres	Data	Hora
Francisco Collantes	16-X-2025	18:00
Gloria Posse Costas		
Uxía Segade Llerena		
Javier Domínguez	18-XII-2025	18:00
Antía Barcala Vecino		
Montserrat González		
Sonia Sanmartín García	26-III-2026	18:00
Marisol Platas Botana		
Cristina Vieites		
Lucía Blanco Placín	23-VI-2026	10:00
Concepción Fernández		

11. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este equipo está formado polos profesores que imparten as actividades, e o **xefe do equipo é Francisco Vázquez**.

COMPLEMENTARIAS:

Terán carácter de *complementarias* aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Son as seguintes:

LITERARIAS: -Animación a lectura e Taller de Prensa.

MUSICAIS: - Concertos didácticos.

PLÁSTICAS: -Taller de manualidades.

DRAMÁTICAS: -Teatro.

CULTURAIS: Están pendentes de confirmación de datas e de novas convocatorias.

EXCURSIÓNS:

A organización das mesmas está prevista no mes de maio se o tempo meteorolóxico o permite. Relaciónanse a continuación:

-**Ed. Infantil:** Xoves, 30 de abril. Granxa Apípolis. Pontevedra

-**1º e 2º Ed. Primaria:** Venres, 8 de maio. Pazo de Lourizán. Parque dos sentidos. Marín-Pontevedra.

-**3º e 4º Ed. Primaria:** Venres, 29 de maio. Mosteiro de Carboeiro. Silleda.

-**5º e 6º Ed. Primaria:** Venres, 22 de maio. Castillo de Vimianzo. Caldeiras do Castro e Ponte de Brandomil. Vimianzo.

-**6º Primaria:** Do 10 ao 13 de maio Llanes-Asturias.

CONMEMORATIVAS:

- O Magosto.

- Día da Infancia.

-O Samaín.

- Día das Persoas con Discapacidade.

- Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

- O Nadal.

- Día da Paz.

- O Entroido.

-Día de Rosalía de Castro.

- Día da Muller.

- Día dos Dereitos do Consumidor.
- Día Internacional da Poesía.
- A Paixón de Xesús.
- Semana da prensa.
- Día do Libro.
- Día do “San Jorge”
- Día internacional contra o acoso escolar.
- Letras Galegas.
- Día do Medio Ambiente.

De tódalas actividades infórmase o inicio do curso os pais, ademais de indicar o seu carácter non lucrativo e voluntario.

EXTRAESCOLARES:

As actividades *extraescolares* levaranse a cabo en horario de 16:30 a 17:30 h. Distribuídas segundo o cadro que se inclúe no *anexo*.

Son as seguintes:

Infantil:

- Informática.
- Inglés.
- Psicomotricidade.
- Robótica.
- Baile Moderno.

Primaria:

- Informática.
- Iniciación ao atletismo.
- Xadrez.
- Guitarra.
- Taller de Apps.
- Baile.
- Robótica e Lego
- Voleibol.
- Futbito.
- Atletismo.
- Piscina.
- Teatro.
- Dramatización en lingua inglesa.
- Storytelling.

12. PROXECTO DA SECCIÓN BILINGÜE

Este proxecto quere dar resposta a demanda social de incrementar o porcentaxe adicado á lingua estranxeira, multiplicando a modalidade de impartición. Ademais supón unha continuidade e profundización na experiencia xa existente no Centro, de impartir inglés na etapa de Educación Infantil.

Na etapa de Primaria, impartirase a materia de Plástica en inglés e a materia de Ciencias Naturais en Inglés, aumentando a porcentaxe de materia na lingua estranxeira ata o final da etapa.

A totalidade dos alumnos matriculados mostraron a súa conformidade ca autorización paterna.

Os alumnos de 6º EP que o desexen poden preparar as probas que otorgan o título oficial de inglés mediante o Trinity College London, para a súa preparación recibirán clases un día a semana (xoves).

O coordinador deste proxecto é o especialista en lingua inglesa, Francisco Vázquez Bugarín.

13. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

-No presente curso continuamos co programa de innovación educativa: **Capacitación da intelixencia**, pretendendo crear un espazo de sorpresa, exploración e sobre todo ATENCIÓN, dirixida en cada sesión a unha das áreas que contempla a teoría das Intelixencias Múltiples, para os nenos de 5 anos.

-Continuaremos con **Robótica**, que xurdiu coa necesidade de preparar os nenos para un futuro tecnolóxico, interconectado e en transformación constante. Será un aprendizaxe a través do xogo. Vai dirixido aos nenos de 3, 4 e 5 anos e será os xoves nunha sesión de 40min.

-Un ano mais seguimos no curso de 2ºEP coa iniciativa Twinning educativo entre centros educativos:

Harris Garrad Academy (Londres) e CPR San Jorge (Santiago de Compostela)

O proxecto Twinning é un traballo de colaboración entre os centros escolares dos diferentes países que promove a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de distintos proxectos de aula. Neste centro, diríxese ao curso de segundo de Primaria e desenvolverá distintas actividades na área de linguas.

O proxecto fomenta a colaboración entre o alumnado e tamén entre os docentes implicados (titor, especialista de linguas estranxeiras e profesor nativo).

Outros obxectivos principais do twinning son a mellora das destrezas relacionadas coas tecnoloxías, a mellora da competencia no traballo en equipo e traballar a competencia lingüística a través de proxectos.

14. PLAN DE CONVIVENCIA

Este Plan articula a convivencia no noso centro garantindo un ambiente de respecto mutuo. Fomenta as igualdade entre homes e mulleres. Regula o tratamento de situación de acoso escolar. Articula as medidas de corrección en situacións contrarias a convivencia, fomentando a resolución pacífica dos conflitos. No marco do *Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar*, desenvolveuse unha nova ferramenta, o **Termómetro Acoso Escolar**. É un cuestionario en liña que inclúe preguntas orientadas a:

- Detectar posibles vítimas.
- Detectar posibles situacións de acoso nas que o alumnado é espectador.
- Detectar posibles persoas acosadoras.

O cuestionario poderá ser utilizalo en calquera momento do curso escolar no que considere necesario obter información sobre o ambiente de convivencia na aula. Esta posibilidade de aplicación a demanda permite que cada docente poida testar de maneira puntual ou periódica o clima relacional do grupo, identificando posibles conflitos, tensións ou situacións de risco relacionadas co acoso escolar ou a exclusión social.

Unha vez que o alumnado complete o cuestionario, xerárase un informe detallado para a aula, que incluírá indicadores clave sobre a convivencia, o benestar emocional do grupo e a detección de posibles casos de acoso. Este informe servirá de base para a reflexión docente e para a toma de decisións pedagóxicas orientadas á mellora da convivencia e á intervención educativa cando sexa necesario.

Esta ferramenta está orientada para ser empregada no último ciclo de Educación Primaria (5º e 6º)

Pero ademáis este Plan, ten como principal obxectivo a integración de alumnos con NEE, a maioría das propostas xiran en torno a este obxectivo.

Dende o departamento de orientación adicarase una hora semanal, nos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, a actividades dirixidas a mellorar as **habilidades sociais**, serán levadas a cabo pola orientadora do colexio. A través delas intentarase mellorar as habilidades sociais para evitar o acoso escolar.

No seo do **Consello Escolar** está constituída a **Comisión de Convivencia** que vela polo cumprimento dos obxectivos propostos no Plan de Convivencia

Relacións familia-escola

Tamén se pretende favorecer as relacións familia-escola, con tal fin realízanse reunións cos pais ao inicio do curso, en todos os cursos de infantil e primaria para facer unha posta en común de cómo poden colaborar os pais na formación dos seus fillos.

No segundo trimestre realizarase unha **charla formadora para as familias**, a cargo de un especialista na materia.

No mes de **xuño** **realizarase unha xornada de portas abertas** para os pais dos nenos do colexio en horario escolar.

15. ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA AMPA

A Asociación de Nais e Pais dos alumnos colabora na organización e financiación das actividades que se fan ao longo do curso:

- Visita do **Rei Mago Melchor** ao centro na tarde do último día do 1º trimestre, para os alumnos de infantil, 1º, e 2º de primaria.
- Colaboración no custo das **viaxes de autobús** para a realización das excursiones de fin de curso de todo o alumnado.
- Colaboración na publicación da revista escolar “**Novas San Jorge**” que se entrega en setembro.
- Colaboración nos **actos de fin de etapa** de infantil (6º de infantil) e primaria (6º de primaria)

16. PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TUTORIAL

Entre as actuacións programadas para o curso cabe destacar as seguintes:

- Nas primeiras semanas do curso farase una avaliación inicial en coordinación cos titores, para identificar as necesidades educativas do alumnado.
- Asesorar a os profesores na súa labor docente, orientándoos ante os casos con dificultades e de atención a diversidade.
- Orientar os pais na súa función de educadores, tanto a nivel educativo como a nivel social ou familiar.
- Axudar o alumno no seu rendemento académico.
- Diagnosticar e resolver casos de dificultades de aprendizaxe.
- Servir como nexo de unión entre os membros da comunidade educativa: pais, mestres e alumnos.

Orientar as familias ante os cambios de etapa educativa.

17. PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Hai **18 nenos con NEE, integrados** nas súas respectivas aulas.

Educación Infantil	3
1º de Primaria	6
2º de Primaria	2
3º de Primaria	3
5º de Primaria	3
6º de Primaria	1

Estes alumnos permanecen nas aulas de E.E. a tempo parcial, dotadas (cada aula) de un cuidador asinado a cada unidade a tempo completo. Alí recibiran estimulación para mellorar as súas deficiencias e traballarán para acadar os obxectivos da adaptación curricular que posúen. Deseñaranse as actividades de forma que teñan en conta as características propias de cada neno, adaptando tempos, instrumentos de avaliación, etc.

Ademais a profesora de PT tratará os casos de dificultades da aprendizaxe.

A especialista de AL atenderá os casos que o precisen e fará valoración das necesidades.

18. PLAN DE IGUALDADE

O Plan da Igualdade pretende educar na igualdade, axudar ao alumnado a crecer como persoas, a desenrolar uns valores básicos e obter un equilibrio no seu desenvolvemento persoal e adquisición das competencias básicas para facilitar a integración social.

O curso pasado tomáronse una serie de **medidas de actuación a nivel de Centro, de aula, do alumnado e das familias**. Ditas medidas seguen en vigor e as actividades propostas ao longo do curso implica telas en conta.

19. PLAN TIC

O Plan das TICs inclúe unha serie de actuacións programadas seguindo o esquema de traballo do curso anterior.

Os cursos de 5º e 6º de Primaria segue a formar parte do Proxecto Abalar, manexan paquete Microsoft office e Internet. A coordinadora é Gloria Posse Costas e tamén forman parte os titores de 5º e 6º.

Ademais a totalidade das aulas do centro contan con pizarra dixital, catro das cales son PDI financiadas cos fondos Next Generation da UE e unha PDI financiada polo Centro.

Temos un proxecto con Tablets Dixitais no curso de 6º de Educación Infantil e Educación Especial, utilizando “Apps” específicas de contidos curriculares e sobre todo para potenciar a lectoescritura, a estimulación cognitiva e o desenvolvemento da creatividade.

Nos cursos de 1º e 2º de Primaria utilízanse como ferramenta de traballo Ipads para apoiar o desenvolvemento da competencia matemática e a lingüística.

Nos cursos de 5º e 6º de Primaria utilizaranse os dispositivos Snapet como ferramenta para traballar contidos das diferentes áreas.

Ademais inclúese nas programacións de infantil e Educación Especial, o **Robot Rocky** da editorial Edelvives como ferramenta de aprendizaxe e o **Robot Tiny discover Kit**, para realizar actividades nos distintos centros de interese.

Todos os cursos de Primaria utilizan **Milton Education** como plataforma de traballo na materia de Inglés, podendo acceder aos contidos e actividades.

Todas as familias do Centro utilizan o xestor educativo CIFRA que nos permite a comunicación directa e o rexistro de información dos alumnos, favorecendo así a comunicación e a boa marcha escolar.

20. PLAN DIXITAL

O Plan dixital pretende mellorar a competencia dixital da comunidade educativa.

O obxectivo de este curso é continuar a implementación e o funcionamento do material de Polos Creativos, estes están deseñados como espazos de innovación educativa nos que se traballan as competencias STEM (ciencia, tecnoloxía, inxeniería e matemáticas), a solución de problemas reais e o pensamento de deseño e habilidades.

Os materiais dos polos creativos contribuirá ao fomento da creatividade e a formación do alumnado nun contexto de aprendizaxe competencial. Poderán desenvolverse actividades nas que se traballe a intelixencia artificial, o procesado audiovisual e artístico, realidade virtual, entre outros.

O profesorado realizará un **Seminario sobre metodoloxías e posibilidades de traballo nun polo creativo: Cortadora Laser**, a través do CAFI, de 20 horas de duración.

21. PLAN DE BIBLIOTECA

A biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

A finalidade do Plan é promocionar a biblioteca escolar como centro de referencia de recursos de lectura, da información e da aprendizaxe. Dinamizar a biblioteca como recurso clave no proceso de aprendizaxe, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias do alumno e ao fomento da lectura.

O director do Centro nomeou como persoa responsable da biblioteca escolar a ***Cristina Vieites*** que xunto con: *M^a Carmen Lorenzo, Javier Domínguez, Antía Barcala e Montserrat González*, conformarán o **Equipo de Apoio á Biblioteca**. Dito equipo deseñará, asesorará e apoiará actividades para o fomento da lectura. Entre elas cabe destacar a constitución de un **grupo estable de alumnos voluntarios**, desenrolo dun proxecto anual no que participa todo o Centro, participación das familias no día da poesía, **apertura da biblioteca no horario de recreo**, uso da radio escolar, participación en actividades de dinamización lectora organizadas polo Concello, Afundación, e demais organizacións.

22. PLAN ANUAL DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO A INFORMACIÓN

Sabedores da importancia e beneficios da experiencia de **“Hora de ler”**, establécense **20 min. diarios, a primeira hora da mañán, de lectura en voz alta**. Esta actividade está reflexada nas programacións de aula, de forma que cada titor decide os textos a ler segundo a súa programación, fomentando así o habito lector e o gusto e disfrute da lectura.

LUCES, CÁMARA E ACCIÓN.

Este ano o noso proxecto versa sobre o cine nos diferentes ámbitos da vida cotiá e o longo do tempo, que leva por título *“Luces, cámara, acción!”*.

O noso plan de lectura componse dos seguintes elementos: unha introdución, cunha breve contextualización e unha xustificación deste, a análise do contexto, os obxectivos, dos que se especificarán indicadores, a temporalización das actividades e o procedemento de seguimento, avaliación e difusión.

O plan de lectura é común a todo o centro, implica a toda a comunidade educativa e converte a Biblioteca nun recurso clave.

Este ano o noso proxecto versa sobre o cine nos diferentes ámbitos da vida cotiá e o longo do tempo, que leva por título *“Luces, cámara, acción!”*. *Actividades e temporalización*.

O cine é unha forma de arte que combina imaxes, sons, música e palabras para contar historias. Grazas ao cine podemos viaxar sen movernos do sitio, coñecer culturas diferentes, vivir aventuras inesquecibles ou simplemente pasar un bo anaco.

Neste proxecto imos mergullarnos no marabilloso mundo do cine. Trataremos distintos xéneros cinematográficos: comedia, aventura, terror, animación... Así como a elaboración dun pequeno guión e a súa adaptación á radio, entrevistas a actores galegos entre outras actividades.

Pretendemos que este documento sirva para plasmar a programación do noso plan de lectura do centro, a súa vez, considerámolo unha ferramenta útil para todo o profesorado.

Neste apartado, reflexaremos unha serie de actividades que servirán para levalo a cabo con maior éxito.

SETEMBRO

Nun primeiro momento vamos facer a **elección de delegados** de curso para que comuniquen as novas as súas respectivas aulas. A votación será interna en cada aula, sendo os titores os encargados de dita elección e a posterior difusión do representante de aula.

Un cambio importante será **redesenñar/cambiar “Monster”**, a nosa mascota da biblioteca. Esta tarefa levarase a cabo na clase de Arts & Crafts, na que cada alumno/a creará a súa proposta. Logo faremos una votación a nivel de centro da que sairá o novo logo.

O tema do noso proxecto é o cine, para iso comezaremos coa **investigación** sobre a historia do cine e como apoio audiovisual recomendamos a película *“La invención de Hugo”* (<https://mediateca.educa.madrid.org/video/9ftspwhwqzaugi2l>) que nos fala sobre os primeiros pasos do cine francés.

OUTUBRO

Neste mes a través do **cine mudo branco e negro**, pretendemos traballar a comunicación a través da linguaxe corporal e a importancia dos silencios.

A mímica será a actividade principal (sketch, adiviñar películas, o xogo das emocións, representación co corpo...). Os titores co apoio do mestre de educación física desenvolverán actividades relacionadas.

NOVEMBRO

Coincidindo coa festividade de Samaín traballaremos o **cine de terror**. Crearemos unha escaleta por aula que conteña actores e efectos sonoros deste xénero para representala na radio do colexio.

DECEMBRO

Neste mes ambientaremos o local coma unha auténtica sala de cine na que proxectaremos unha película para todo o colexio (flocos de millo, entradas, acomodador...) de **temática do nadal**.

Exemplos dalgúns filmes son: *The Polar Express*, *Se armó el belén*, *El Grinch*, *Los reyes magos*...

XANEIRO

Con motivo da conmemoración da Paz imos visionar algunha curtametraxe bélica (<https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/cortometrajes-paz/>) para reflexionar/ escribir unha recensión.

FEBREIRO

Representaremos a “Alfombra Vermella dos Óscars” na nosa **fiesta de Antroido**.

Sairemos disfrazados como actores/actrices convidados á gala destes premios e faremos entrega dun galardón por aula a mellor caracterización.

O trofeo será deseñado e elaborado por ciclos na materia de Arts & Crafts.

MARZO

No **mes da muller**, entrevistaremos a Rebeca Montero unha actriz galega. O alumnado fará un guión con preguntas que lles parezan interesantes sobre o traballo dela e o cine en xeral.

ABRIL

Proxección do **nosro festival**, o día 23 de abril, data do patrón do colexio.

MAIO

En maio, mes das Letras Galegas, daremoslle importancia a música no cine, facendo fincapé no **cine galego**. Tentaremos analizar as bandas sonoras de diferentes filmes que propoñan o mestre de música.

23. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

O Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables terá por finalidade a práctica diaria de deporte, de exercicio e actividade física, durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma. Este enfoque integral entre a actividade física, a alimentación saudable e o benestar postural é clave para o desenvolvemente dos estudantes en varias dimensións: física, cognitiva e emocional. Ademais, fomentar a participación en actividades extraescolares e proxectos relacionados coa saúde creará un ambiente escolar máis dinámico motivador para os nenos e nenas.

Para logralo deseñáronse unha serie de medidas que se levarán a cabo durante o curso escolar:

Para fomentar o deporte e a actividade física a través de:

-Dinamización de patios facilitando aos nenos materiais como zancos, combas, gomas e balóns, xogos pintados no chan do patio como as mariolas.

-Actividades extraescolares que fomenten o deporte: futbito, baile, piscina, atletismo, vóley...

Creación de hábitos alimenticios saudables con:

-Merendas saudables na etapa de Infantil.

-Día da froita na etapa de Primaria.

-Ofrecer menús equilibrados nos servizos de almorzón, comida e merenda.

-Fomentar a hixiene bucodental.

-Realizar sesta despois de comer os nenos máis pequenos.

-No 2º e 3º ciclo de primaria desenrollar os proxectos de “Piramide alimentaria” e “Hixiene postural”.

24. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

Está depositado na dirección do Centro.

25. FORMACIÓN DO PROFESORADO

Realizaranse diversos cursos de formación propostos pola CAFI, FEREGA, PLATEGA e os que se convoquen por outros organismos.

Por último, todo o Claustro participará nun **Seminario sobre metodoloxías e traballo nun Polo Creativo: Cortadora Laser.**

O profesorado tamén está a realizar cursos que acrediten a competencia dixital.

26. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS CURRICULARES

No *anexo* inclúese a lista dos libros de texto utilizados no curso.

27. AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

A aplicación das probas de avaliación de diagnóstico correspondentes a 4º de Educación o Primaria, realizaranse entre o día 20 e 24 de abril de 2026 (DOGA, 15 de maio de 2025)

ANEXO:

HORARIOS

LIBROS DE TEXTO

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES